Para pais



Te daré la tierra.
Chufo Loréns.
Ed. Grijalbo

A Barcelona do século XI acolle nos seus muros dúas historias marcadas polo drama, o amor e ambición. Para os afeccionados á novela histórica: pactos, intrigas, comencio, convivencia entre relixións.



Paraíso inhabitado.
Ana Mª Matute.
Ed. Destino.

Esta novela recrea un universo infantil delicado e marabilloso que a protagonista, Adriana, vai creando e no que sitúa a amigos imaxinarios e unha familia que nunca puido ter. A súa felicidade vese perturbada cando Adriana inicia o periplo escolar e entra definitivamente no mundo dos adultos, un ámbito que lle resulta alleo cando non hostil.

É esta unha novela moi sentimental e moi tenra, que fai sufrir e asemade gozar.

Algo de música



A fronda dos cervos.
Doa

Algo de música. Quinto traballo da veterana banda. Compendio baseado na lírica galego portguesa. Inclúe a que podería ser a primeira canción protesta da historia: *Porque no mundo minguou a verdade*, con texto de Airas Nunes

GUÍA DE LECTURAS VERÁN
CURSO 2010-11

Para que a calor poidas soportar
Un libro á praia has de levar

BIBLIOTECAS ESCOLARES E MUNICIPAIS DE REDONDELA

Para o primeiro ciclo

La historia de Iqbal. FrancescoD'adamo. Ediciones SM, Colección "Barco de vapor"

Unha moza paquistaní padece unha infancia sen esperanza, o seu amigo Iqbal non acepta a situación. Feitos reais que non fan crer que un futuro xusto é posible.

As lágrimas de Shiva. César Mallorquí. Ed. Rodeira.

O libro preséntanos unha historia estraña e fantástica que, aínda que por veces, nos faga pasar medo, non é unha novela de terror. Todo comeza co misterio dun obxecto moi valioso que estivo perdido durante séculos. Intriga, misterio, amor e moitas outras sensacións farán que o lector goce con esta lectura.

Para o segundo ciclo

O curioso incidente do can a medianoite.. Mark Haddon (Tradución de Moisés Rodríguez).

Rinoceronte Editora

A historia dun adolescente que sabe moito de matemáticas, de ciencias, de xeografía ...pero que ten moitas dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa a Wellington, o can da veciña, atravesado por unha forca de xardín e decde investigar.

El secreto del caserón abandonado. Pilar López Bernúes. Ed. Bruño.

A novela conta a historia de Ana, unha adolescente que vai pasar uns días de vacacións nunha adea do pre-Pireneo onde contacta cun grupo de rapaces cos que acaba por sentirse fenomenal e cos que vivirá misteriosas aventuras. A amizade, o amor, a acción e o misterio inzará este fermoso libro.

Para Bacharelato



Futuro imperfecto. Xulio Alonso Díaz. . Ed. Galaxia.

Reflexión en clave persoal. A autora emprega a segunda persoa para reflexionar sobre a súa propia vivencia dirixíndose á súa parella xa finada. Feitos reais que retratan a vida dunha xeración que debe enfrontarse a medos descoñecidos tras a con-

***Todo é silencio.* Manuel Rivas. Ed.Xerais.**

A novela narra o ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista, e das persoas que habitan Noitía,un lugar no que as redes do contrabando, reconvertidas ao narcotráfico, acadaron tanto poder que estiveron moi preto de controlar o poder social e as institucións.